



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

SEMINARIO INTERDISCIPLINAR
O(S) SENTIDO(S) DA(S) CULTURA(S)
COORDINADO POR RAMÓN MAIZ

OS MOVEMENTOS SOCIAIS E A SOCIEDADE CIVIL: DE COMO OS EMERXENTES CONFLITOS SOCIAIS CUESTIONAN AS PERSPECTIVAS ADOPTADAS POLAS CIENCIAS SOCIAIS

Donatella della Porta
European University Institute

Tradución de Cristina Río López
Pode consultar o texto en www.consellodacultura.org

Xoves, 13 de xaneiro de 2011

17:00 horas

CONSELLO DA CULTURA GALEGA



Donatella della Porta

É profesora de Socioloxía e directora de investigación do Departamento de Ciencias Políticas e Sociais no European University Institute, Florencia. Os seus principais intereses investigadores refírense aos movementos sociais, a violencia política, o terrorismo, a corrupción e as forzas e as políticas da orde pública, cuestións verbo das cales realizou estudos en Italia, Francia, Alemaña e España. Dirixiu un proxecto de investigación comparativa sobre o control das manifestacións públicas masivas en Europa e outro sobre as forzas policiais de Italia. Na actualidade participa en varios proxectos comparativos centrados na cidadanía e os movementos sociais.

Entre as súas recentes publicacións sobresaen: *Another Europe* (Routledge, 2009), *Democracy in Social Movement*, (Palgrave, 2009), *Social Movements in a globalizing world*, con H. Kriesi e D. Rucht (Palgrave, 2009), *Voices of the Valley*, *Voices of the Straits: How Protest Creates Communities*, con G. Piazza (Berghahn Books, 2008) ou *Introduzione alla scienza politica* (Il Mulino, 2008), entre unha extensa relación de títulos e colaboracións en revistas e xornais.

Pode atopar máis información sobre Donatella della Porta en <http://www.eui.eu/Personal/DonatellaDellaPorta/>

OS MOVEMENTOS SOCIAIS E A SOCIEDADE CIVIL: DE COMO OS EMERXENTES CONFLITOS SOCIAIS CUESTIONAN AS PERSPECTIVAS ADOPTADAS POLAS CIENCIAS SOCIAIS

Donatella della Porta

European University Institute

1. Introducción ao conflito, a cidadanía, os movementos sociais e a sociedade civil

O 2 de xullo de 2005 máis de 200 000 persoas marcharon sobre Edimburgo, uns poucos días antes do cumio do G-8 realizado no veciño Gleneagles, no que se chamou con satisfacción a maior manifestación que tivera lugar na capital escocesa. A marcha formaba parte da campaña *Make Poverty History* ('Fai que a pobreza pase á historia'), definida polo arcebispo O'Connor como «o maior movemento de axitación visto desde a campaña en contra do tráfico de escravos». Ao longo da semana seguinte, mentres os líderes do G-8 mantiñan as súas xuntanzas, tiveron lugar moitas máis protestas, de diversa índole, en diferentes puntos do sur de Escocia, organizadas principalmente por activistas afiliados á rede Dissent! ('Discrepa!'), a cal se formara había pouco. As forzas policiais de diversos corpos británicos, a miúdo completamente enfundadas no seu equipamento antidisturbios, enfrontáronse aos manifestantes no que se definiu como a maior operación policial da historia escocesa.

Make Poverty History e outras protestas similares considéranse parte dun movemento de reivindicación da xustiza global que adquiriu visibilidade mundial en Seattle en novembro de 1999, no transcurso da campaña contra o cumio da Organización Mundial de Comercio (OMC). En anos posteriores, centos de milleiros de persoas manifestáronse contra as reunións do Fondo Monetario Internacional (FMI) e do Banco Mundial (BM) realizadas en Washington e en Praga no ano 2000, contra o G-8 en Xénova en 2001, contra os cumios da Unión Europea (EU) de Ámsterdam en 1997, de Niza en 2000, de Goteburgo en 2001, e de Barcelona, Sevilla e Copenhague en 2002. A xente protestou contra o Foro Económico Mundial en manifestacións anuais organizadas en Davos, e contra a guerra de Iraq, en centos de cidades, durante o Día de Acción Mundial (15 de febreiro de 2003). En relación con esta vaga de protestas, milleiros de asociacións de diverso tipo e decenas de miles de activistas reuníronse en foros sociais transnacionais; abonde lembrar que ao primeiro Foro Social Mundial (FSM), celebrado en Porto Alegre en xaneiro de 2001, asistiron arredor de 20 000 de máis de cen países, entre os cales se contaban delegados de 4700 ONG e organizacións defensoras dos movementos sociais, cifras que ascenderon a 155 000 participantes individuais e 6588 organizacións na súa quinta edición, en 2005 (Rucht 2005). O primeiro Foro Social Europeo (FSE), que tivo lugar en Florencia entre o 6 e o 9 de novembro de 2002, acolleu 60 000 participantes —máis do triplo do que se esperaba—, que asistiron ás 30 conferencias plenarias, aos 160 seminarios e aos 180 obradoiros, e arredor dun millón de persoas tomaron parte na marcha que clausurou o foro.

Cando esta vaga de protestas se fixo visible, no cambio de milenio, os expertos en ciencias sociais seguían dedicándose a explicar a «oeneguización» dos movementos sociais, a domesticación da sociedade civil e a morte dos sindicatos e da política de esquerdas en xeral. Só de xeito gradual a intensa mobilización transnacional organizada en cumios alternativos, en Días de Acción Mundial e en Foros Sociais transnacionais comezou a crear conciencia do xurdimento dun novo ciclo de protestas e a atraer o interese da poboación por tal feito.

Abofé que non é unha novidade que se dean inesperadamente ciclos de protestas. Así, en vésperas de 1968, tanto os expertos en ciencias sociais como os políticos lamentaban (ou loaban) a «fin das

ideoloxías», a institucionalización do movemento obreiro, a sociedade de consumo e, sobre todo, o declive do interese pola política.

A impresión que causan estas mudanzas inesperadas podería deberse a diferentes motivos. Sen dúbida, o comezo dun novo ciclo de protestas dá fe, xaora, dun rachar coas formas preponderantes de acción colectiva e de estratexia organizativa, así como coas das identidades colectivas. Neste sentido, a percepción de que se produciu unha ruptura repentina reflicte como os ciclos de protestas cuestionan os modos en que nese momento se aborda a acción colectiva. As transformacións sociais e políticas que tiveron lugar durante a que foi, en palabras dun activista, «a terrible década de 1990» levaron, de feito, a mudanzas significativas (aínda que de escasa repercusión) nos actores que se definen, de modo diverso, como movementos sociais, ONG ou sociedade civil.

Malia se producir a miúdo de xeito inesperado, un ciclo de protestas non comeza tan de socato como podería parecer. A protesta require a existencia dunhas estruturas organizativas capaces de mobilizaren recursos, xunto cuns procesos, menos visibles, de interconexión e de preparación de xustificacións da acción colectiva. Os movementos sociais emerxentes están moi influídos polas características das organizacións que os «acubillan» durante a súa infancia, e a súa evolución é produto dunha mestura de tradicións e de contradición desas mesmas tradicións. As protestas que acabo de mencionar deriváronse de diversas campañas que reuniron a organizacións xa existentes nun movemento contrario ao Tratado de Libre Comercio de América do Norte (NAFTA) e ao Acordo Multilateral sobre Investimentos, ademais da campaña Xubileo 2000, que pedía a cancelación da débeda externa dos países pobres. No marco dunha estratexia emprendida a varios niveis, as Marchas Europeas contra o Paro e a Exclusión, definidas como un primeirísimo exemplo da formación dunha rede flexible destinada a abordar os problemas sociais a escala europea (Mathers 2007: 51), tornáronse visibles o 16 e o 17 de xuño de 1997, cando 5000 persoas de toda Europa chegaron a Ámsterdam co cumio da UE en mente. Estes cumios alternativos aos da UE, que nun principio foran artellados por organizacións de parados e de sindicatos críticos, foron dando en tratar un abano cada vez maior de problemas e tamén conseguiron sensibilizar, entre outros, as confederacións sindicais institucionalizadas, así como diversas comunidades relixiosas, ONG transnacionais e locais, ecoloxistas, feministas e pacifistas. No entanto, dado que estas campañas non respondían á imaxe xeneralizada de actores sociais cada vez máis «civilizados», acabaron por ser pouco estudadas.

A percepción dunha brusca ruptura na acción colectiva tamén constitúe, polo menos en parte, o resultado do natural conformismo das ciencias sociais, nas cales as tendencias xerais (como a burocratización dos sindicatos, a domesticación da sociedade civil ou a institucionalización das organizacións en prol dos movementos sociais) adoitan confirmarse grazas á escolla de determinadas materias de estudo (por exemplo, o liderado sindical ou unhas ONG máis visibles e mellor estruturadas) e a exclusión doutras. Á inversa, semella que non se fomenta a identificación de tendencias opostas ás que se acaban de citar; antes ao contrario, debido á súa falta de visibilidade ou relevancia no marco do paradigma ou paradigmas dominantes. Ao mesmo tempo, nunha especie de profecía que se cumpre a si mesma, as escollas metodolóxicas tenden a se adecuar ás imaxes xeneralizadas: por exemplo, dando por suposta a importancia dos recursos empresariais, as análises das organizacións revelan unha inclinación cara a grupos mellor estruturados; e, fronte á «normalización» das protestas, ante a baixada na atención que lles prestan os medios de comunicación ás formas non convencionais de participación política, as análises dos actos de protesta confirman o declive da política nas rúas.

Non obstante, non pretendo insinuar que as ciencias sociais carezan de conceptos e coñecementos que contribúan a abordar, enmarcar e entender estes conflitos; ao revés, existen diversas correntes de estudos que contan cun gran potencial para axudaren a interpretar os actores que se mobilizaron desde Seattle ata Edimburgo. Por exemplo, a campaña *Make Poverty History* reuniu centos de entidades benéficas, sindicatos, credos, sindicatos de estudantes, grupos de base..., é dicir, organizacións que, na socioloxía política, se tratan dentro do vasto eido dos estudos dos movementos sociais (definidos por oposición aos grupos de partidos políticos e de intereses); nas relacións internacionais, no marco dun interese cada vez maior polas ONG (e non polos Estados-nación); na teoría social, como parte do «renacer» da sociedade civil

(en contraposición ao Estado e ao mercado). O mesmo se pode dicir dos demais cumios alternativos, días de acción global e foros sociais transnacionais, aos cales asisten representantes de milleiros de asociacións e decenas de miles de activistas. Os estudosos das organizacións dos movementos sociais, das ONG e da sociedade civil tamén se apresuraron a estender o seu ámbito de interese á nova dimensión supranacional destas mobilizacións, mediante conceptos como «organizacións *transnacionais*», «ONG *internacionais*» e «sociedade civil *mundial*». Malia que, con frecuencia, non manteñen comunicación entre eles, estes campos de estudo teñen moito que nos ofrecer á hora de entendermos estes conflitos que van xurdindo na nosa sociedade.

As análises dos movementos sociais levan moito tempo a subliñar que o *conflicto* é o elemento en que se basea a dinámica das sociedades. Nestas análises, a «tradición europea» considera os novos movementos sociais como potenciais portadores dun outro conflito de importancia fundamental nas nosas sociedades postindustriais ou, polo menos, dun abano de conflitos emerxentes. Na «tradición norteamericana», o enfoque referido á mobilización de recursos reaccionou ante unha concepción, daquela dominante, dos conflitos como patoloxías. Na súa influente obra *Social Conflicts and Social Movements*, Anthony Oberschall (1973) definiu os movementos sociais como os principais portadores de conflitos sociais. En *Democracy and Disorder*, Sidney Tarrow sinalou enerxicamente o papel, importante e positivo, que desempeñan as formas non convencionais de participación política nos procesos democráticos. Desde Michael Lipsky (1965) ata Charles Tilly (1978), as primeiras obras que abordaron sistematicamente o tema dos movementos sociais xurdiron de tradicións investigadoras que facían fincapé nos conflitos de poder, tanto na sociedade como na política; de feito, existe unha definición dos movementos sociais que goza de ampla aceptación e que presenta os conflitos como un elemento vital da conceptualización deses movementos:

Os actores implicados nos movementos sociais toman parte en conflitos políticos, culturais ou de ambos os tipos, os cales teñen como fin promover o cambio social ou oporse a el. Co termo «conflito» referímonos a unha relación de oposición entre actores que pretenden controlar os mesmos intereses —xa sexa o poder político, o económico ou o cultural— e, ao así actuaren, realizan declaracións negativas os uns en contra dos outros; é dicir, demandas que, de se cumpriren, afectarían aos intereses dos demais actores (Della Porta e Diani 2006: 21).

Xa que logo, as análises dos movementos sociais poden contribuír a contrarrestar a actual tendencia a percibir os conflitos como patoloxía.

Se ben non se nega, xaora, a existencia de conflitos, especialmente desde a década de 1990 a concepción da política en canto campo de expresión de conflitos foi posta en dúbida (ou, polo menos, compensada) pola atención que comezou a se lle prestar ao desenvolvemento de eidos comunicativos que puidesen funcionar como espazos onde construír un consenso. Na teoría normativa, mais tamén na investigación empírica, o interese polos espazos de comunicación autónomos foi crescendo particularmente no marco da análise da sociedade civil; así, definido como «o elemento favorito que se pode exportar desde a teoría sociolóxica á política» (Mitzal 2001), mais tamén como «plano e carente de contido» (Chandoke 2003), o concepto de «sociedade civil» tense empregado como sinónimo de vida asociativa e de emancipación do poder estatal. Inspirada, en especial, nos novos movementos sociais e no movemento pola democracia en Europa oriental (Mitzal 2001), na teoría social a «renacemento» da sociedade civil vivíuse sobre todo na década de 1990, coa procura dun espazo que fose independente tanto do Estado como do mercado. De feito, «tras a revolución de 1989, o termo “sociedade civil” adoptouse en círculos e circunstancias sumamente diferentes», o cal expresaba que «era salientable xa a preocupación pola autonomía persoal, a autoorganización, o espazo privado, e non só en Europa occidental» (Kaldor 2003: 2-4). A sociedade civil constitúe «unha esfera de solidariedade onde se vai definindo e, en certa medida, levando á práctica un determinado tipo de comunidade universalizadora» (Alexander 1998: 7). Desde esta perspectiva, a urbanidade implica respecto polos demais, cortesía e aceptación dos descoñecidos (Keane 2003). En moitas das reflexións sobre as sociedades contemporáneas, unha sociedade civil autónoma enténdese como un ente capaz de abordar as tensións existentes entre particularismo e universalismo, pluralidade e conexión, diversidade e solidariedade;

e, neste sentido, afirmase que representa esa esfera de solidariedade da que acabamos de falar (Alexander 1998: 7). Así mesmo, algúns defensores da visión deliberativa e normativa da democracia consideran os movementos sociais e outros modos de asociación similares uns ámbitos fundamentais para o desenvolvemento desas esferas públicas autónomas (Mansbridge 1996; Cohen 1989; Dryzek 2000; Offe 1997). Na análise dos conflitos contemporáneos tamén resulta crucial ese facer fincapé, en termos normativos, nos efectos positivos dos espazos independentes do Estado e do mercado.

Ambos os dous elementos —conflito e autonomía— son pertinentes á hora de entender as características das mobilizacións que mencionei. A pesar disto, algúns trazos dos novos conflitos emerxentes comportan certa dúbida dos enfoques teóricos arriba indicados, ao tempo que estimulan unha maior fecundación recíproca entre estas diversas correntes que se dan nas obras dedicadas ás ciencias sociais. Unha visión máis minuciosa e aberta dos conflitos emerxentes podería contribuír a superar o risco de incorrer en autorreferencias e en estreiteza de miras que puidese derivarse do propio éxito desas correntes (ante o crecente número de revistas, cátedras, etc., referidos a eses conceptos básicos), mais tamén da consolidación de fendas internas entre os enfoques disciplinarios, metodolóxicos e nacionais.

Nas seccións que van a seguir, baseándome en resultados extraídos dos estudos empíricos que realicei sobre a clase de conflitos mencionados¹, pretendo destacar como a súa propia natureza fixo que cambaleasen algunhas das imaxes dominantes e a interpretación preponderante dos movementos, das ONG e dos actores da sociedade civil. Quixera, en concreto, chamar a atención sobre a centralidade que adquiriron os problemas sociais, malia que tendendo unha ponte entre este e outro dos temas principais (parte 2), e sobre unha redefinición da política e os seus límites (parte 3), no marco dunha avaliación do papel que desempeñan os conflitos na creación de cidadanías (parte 4).

2. Conflitos e fendas sociais: política de clase ou subxectividades cívicas?

Como se mencionou, un elemento máis positivo achegado polos estudos dos movementos sociais é a reinstauración da función que desempeñan os conflitos na evolución dunha sociedade. Os conflitos sociais e políticos téñense vinculado coas condicións socioestruturais (desde as estruturas de produción marxistas ata a produción da *historicité* de Touraine) ou coa apertura de canles de acceso á adopción pública de decisións, ou con ambas. Nos dous casos, o Estado-nación tomouse como o principal nivel de análise dunha investigación que destaca e aborda o vello conflito laboral ou os novos.

Cando os estudos dos movementos sociais tomaron corpo como importante eido sociolóxico, no transcurso do ciclo de protestas presenciadas a finais da década de 1960 e principios da de 1970, os intelectuais europeos centráronse sobre todo nos novos movementos sociais, desenvolvendo a crenza pola que se postulaba a institucionalización da clase traballadora e a aparición de máis conflitos postindustriais (véxase, por exemplo, Touraine 1977). Especialmente na década de 1970, os movementos ambientais, feministas e mesmo pacifistas e etnorrexionalistas foron considerados as «parteiras» dun novo tipo de sociedade que sucedía á industrial, materialista, fordista ou moderna, ou a todas elas. A liberdade individual

¹ Entre outras cuestións, voume referir a algúns resultados que se publicaron nos Paquetes de Traxo 3 e 4 do proxecto DEMOS (Democracia en Europa e Mobilización Social, <<http://demos.iue.it>>); véxase Della Porta e Mosca (2006). Este proxecto está financiado pola COMISIÓN EUROPEA, PRIORIDADE 7 DO SEXTO PROGRAMA MARCO: «Os cidadáns e a gobernanza dunha sociedade do coñecemento», e (para o caso suízo) polo Departamento Federal de Educación e Ciencia (Suíza). O proxecto está coordinado por Donatella della Porta (European University Institute); están asociados a University of Kent (Canterbury, Reino Unido), con Christopher C. Rootes; o Wissenschaftszentrum Berlin für Sozialforschung, (Alemaña), con Dieter Rucht; a Università di Urbino (Italia), con Mario Pianta; o Centre de Recherches Politiques de la Sorbonne (CRPS), da Université Panthéon-Sorbonne (Francia), con Isabelle Sommier; o Instituto de Estudos Sociais de Andalucía, do Centro Superior de Investigacións Científicas (IESA-CSIC) (España), con Manuel Jiménez; e o Laboratoire de Recherches Sociales et Politiques Appliquées (RESOP), da Université de Genève (Suíza), con Marco Giugni. Colaboraron na investigación Massimiliano Andretta, Ángel Calle, Hélène Combes, Nina Eggert, Raffaele Marchetti, Lorenzo Mosca, Herbert Reiter, Clare Saunders, Simon Teune, Mundo Yang e Duccio Zola.

como valor fundamental, xunto coa xustiza (e, por veces, anteposta a ela), recibiu tamén moita atención por parte dalgúns teóricos da sociedade civil.

A unha escala máis modesta, a partir da década de 1980 eses movementos pasaron a ser vistos progresivamente como actores institucionalizados, ricos en recursos materiais e en canles de acceso aos gobernantes, e cada vez máis centrados en problemas illados. En efecto, esta atención a un único problema chegou a se considerar un trazo característico dos movementos sociais que os distingue dos partidos e dos sindicatos (Kitschelt 2004), e, paralelamente, as obras dedicadas ás ONG fan fincapé en como estes actores se especializan nun tema concreto, que se aborda no marco duns réximes internacionais dados. A sociedade civil mundial tense definido como un ente formado por organizacións profesionalizadas, institucionalizadas e centradas nunhas causas concretas (Kaldor 2003).

No entanto, esta imaxe que as presentaba como actores posmaterialistas e dedicados a unha única cuestión viuse sacudida na década de 1990 e derrubouse despois do ano 2000. Efectivamente, desde o pasado decenio, as reaccións suscitadas polo que os activistas denominan «neoliberalismo hexemónico» trouxeron consigo un rexurdimento dos problemas sociais, aínda que en conxunción coas cuestións derivadas dos «novos movementos sociais». É máis: os actos de protesta transnacionais multiplicáronse nas dúas últimas décadas, o que indica un «cambio de escala» que apunta á adopción dunha perspectiva máis transversal. A combinación de varios temas de interese e a importancia de abordar a cuestión da xustiza social son, ambas as dúas, consecuencias senlleiras dunha análise de documentos fundamentais referidos a 244 organizacións de movementos sociais que participaron nos procedementos do Foro Social en seis países europeos (Italia, Francia, Alemaña, Gran Bretaña, España e Suíza) e a escala transnacional². Os datos (véxase a táboa 1) referentes aos temas e aos valores básicos mencionados nos documentos organizativos confirman que a miúdo se fai referencia a cuestións que noutros tempos constituíron o principal foco de atención de varios movementos sociais. Neste sentido, os valores ecolóxicos resultan ser un tanto importantes (arredor da metade dos grupos citan a ecoloxía e a mesma porcentaxe menciona a sustentabilidade). O sur do planeta figura nos documentos básicos de aproximadamente a metade dos grupos que demandan solidariedade cos países do Terceiro Mundo; a mesma porcentaxe defende os dereitos humanos; e un terzo refírese ao comercio xusto. Tamén se inclúen mencións aos dereitos das mulleres e á paz (máis unha vez, na metade dos grupos da mostra), ao igual que aos dereitos dos inmigrantes. Porén, estes marcos temáticos cítanse no seo dun discurso transversal. Por outra banda, aínda que son moito menos xerais as referencias ás tradicionais ideoloxías de esquerdas (desde o socialismo e o comunismo ata o anarquismo), desempeñan unha función de «enlace» marcos como «xustiza social» (case dous terzos dos nosos grupos a mencionan), «xustiza mundial», «globalización alternativa» e «democracia alternativa» (citadas por preto da metade dos grupos).

Táboa 1. Valores básicos e temática (en porcentaxe de respostas afirmativas; número de organizacións: 244)

<i>Marcos xeneralizados</i>		<i>Temática de menor difusión</i>	
Xustiza social	69%	Socialismo	8%

² A análise centrouse nos seguintes documentos organizativos: a) a constitución da organización; b) un documento que contivese os seus valores fundamentais ou o propósito da organización, ou ambos; c) un programa aprobado de maneira oficial; d) a «declaración da misión» da organización; e) a sección «Sobre nós» do sitio *web*; f) a sección «Preguntas máis frecuentes» do sitio *web*; e g) materiais equivalentes ou similares, contidos no sitio *web*, que expresen a postura «oficial» da organización no seu conxunto (por exemplo, documentación interna á que se refiran os documentos a)-f), como informes anuais, formularios de adhesión de novos membros, etc.). Pódese obter máis información sobre a metodoloxía en Della Porta e Reiter (2006).

Outra democracia	52%	Comunismo	3%
Outra globalización	50%	Anarquismo	4%
Paz	50%	Principios relixiosos	7%
Ecoloxía	47%		
Dereitos humanos	47%		
Xustiza mundial	45%		
Dereitos dos emigrantes	46%		
Solidariedade co sur	46%		
Dereitos das mulleres	43%		

Fonte: Della Porta e Reiter (2006).

Dentro do mesmo proxecto de investigación, as entrevistas mantidas con representantes das organizacións dedicadas aos movementos sociais confirman que se pasou da adopción de compromisos sobre un tema concreto a outros «transtemáticos», sen que iso supoña, con todo, unha volta a ideoloxías máis amplas. As respostas ofrecidas á pregunta aberta de «en que consiste a organización» indican, primeiramente, a difusión dunha *linguaxe dos dereitos*, empregada por case todos os grupos; de feito, con maior ou menor insistencia, os sindicatos reclaman «dereitos colectivos», e as organizacións próximas ao Novo Movemento Social, «dereitos civís», mentres que as implicadas en campañas a prol do sur do mundo espallan unha linguaxe referida aos «dereitos humanos», que no movemento pola xustiza mundial logo se tornan «dereitos mundiais». A base de referencia do movemento rara vez queda circunscrita a grupos de poboación concretos; a cidadanía esténdese a todos os residentes e alén deles e, así, o «movemento dos cidadáns do mundo» define a estes como a Humanidade, reclamando «respecto dos dereitos humanos para todos».

Así mesmo, os *problemas sociais* menciónanos, dun xeito ou doutro, a meirande parte dos enquisados. Destas cuestións, a xustiza social é o obxectivo que máis se cita; en palabras do representante da organización italiana para o desenvolvemento Emergency, o movemento a prol da xustiza mundial pretende «afirmar a igualdade entre os seres humanos, facendo fincapé nos dereitos humanos e na redución das diferenzas, propósitos que poden resumirse no termo “xustiza social”». Esta xustiza enténdese en termos distintos en función das diversas tradicións; así, os problemas sociais poden abordarse no sentido de «expoñer o escándalo da pobreza» —na linguaxe das ONG ou da relixión— ou no sentido de explotación e de «reassignación da riqueza de arriba abaixo» —na xerga tradicional de esquerdas. No entanto, na maioría dos grupos a xustiza social percíbese como o «marco intermediario» que conecta todos os demais; deste xeito, segundo afirma o representante de Espacio Alternativo, «[e]xiste unha gran diversidade, mais tamén unha tendencia a os unificar no seo dunha idea xeral e pluridimensional da xustiza social: social, ecolóxica, entre sexos, entre pobos e culturas, democrático-participativa e pola defensa do ben común».

Significa isto un claro retorno a unha «visión clasista» da sociedade, esa visión sobre a que se desenvolveu a socioloxía no pasado e cuxa recente perda de apoios se considera a base do declive da disciplina (Savage 2001)? Pois ben, estas circunstancias indican, abofé, os límites das interpretacións polas que se lle dá relevancia á chamada «institucionalización da fenda entre clases», ou que opoñan os valores posmaterialistas aos materialistas. Máis en xeral, constitúen unha advertencia contra o que, de xeito demasiado simplista, se considera unha tendencia e que, en troques, podería formar parte dunha dinámica cíclica.

Con todo, isto non se pode entender como unha volta á antiga política de clases de sempre, debido a polo menos dúas razóns fundamentais. En primeiro lugar, como se mencionou, as preocupacións sociais

están ligadas con outros problemas; ademais, ese movemento emerxente presenta tamén unha clara referencia á defensa da autonomía da sociedade civil, a cal resulta difícil de inserir na visión de clases tradicional. Esa autodefinición de «movemento de movementos», que goza de especial predicamento en Italia, subliña os aspectos positivos das identidades heteroxéneas e polifacéticas que reflicten a complexidade social, como adoitan destacar os activistas. Nesta dirección, un estudo sobre grupos de interese realizado con activistas do Foro Social de Florencia indicou a aparición de *identidades tolerantes*, caracterizadas pola súa visión inclusiva e pola relevancia que se lle concede a unha fertilización recíproca, que se considera beneficiosa, e cun sentido limitado da identificación (Della Porta 2005; tamén Della Porta, Andretta, Mosca e Reiter 2006)³. Os activistas presentan a diversidade como valor positivo; así, un deles falaba d'«unha gran novidade e unha enorme baza, porque conxuga homes e mulleres que van desde os vinte aos sesenta anos e que debaten entre eles, en contraposición a esa lóxica dos vellos partidos políticos de esquerdas de poñer á parte as mulleres, a xente nova, etc.» (4E, p. 101). Outro activista engadiu que «o que ten de marabilloso este movemento é a súa variedade e a súa capacidade de congrega os individuos máis diversos arredor de obxectivos que son comúns a todos eles» (1D, p. 10). Un aspecto que se considera que, «en certo modo, marca unha época» é a perspectiva inclusiva deste movemento: o feito de que «haxa un sentimento de pertenza, xaora (...), mais en realidade non son exclusivos, e velaí a novidade (...)». Nas accións conxuntas, os activistas perciben «unha nova vontade de crear fluidez entre as ideas, de as confrontar, sen pretender inclinarse nun sentido ou noutro» (3C, p. 66). Así mesmo, a propia esencia do movemento, o seu «constante devir», enténdese como unha busca de valores, na cal toma parte o activista achegando a súa rica «subxectividade» individual.

Estas diversas correntes de protesta poden interpretarse como unha reacción á redución do Estado do benestar e ao aumento das desigualdades, reacción que lle dá unha nova vitalidade a unha dimensión social do conflito —a «fenda de clases» (Rokkan 1982)— que semellaba, se non calmada, si domesticada. A atención que se lle presta á natureza estrutural dos conflitos sociais descarta a hipótese dunha institucionalización definitiva. Se na década de 1990 o mercado se consideraba a solución aos déficits públicos e ao desemprego, desde o ano 2000 as consecuencias negativas da globalización económica viron a luz pública. Nos seus varios significados e de acordo cos diversos modos de entendela, percíbese que a globalización económica neoliberal —ou o que John Keane (2003) denominou «turbocapitalismo»— é a diana principal á que apuntar. Os conflitos emerxentes reflíctense nas nosas concepcións da cidadanía e centran a súa atención no que a convocatoria do 8º Congreso Anual da European Sociological Association (Asociación Sociolóxica Europea) definiu como «a sorte corrida polos dereitos civís, políticos e sociais que constitúen o alento vital das sociedades europeas». En Europa, a fin do «equilibrio de mediados de século» entre o capitalismo e o Estado do benestar (Crouch 2004) puxo, deste xeito, os dereitos sociais no centro dos conflitos, aínda que non sen lles prestar atención a outras temáticas (como a sustentabilidade ambiental ou as cuestións de xénero) que xurdiran da man dos «novos movementos sociais». Neste sentido, as mobilizacións

³ Traballamos con seis grupos, todos eles constituídos por nós co obxecto de representaren a «alma» fundamental do movemento —diversas posturas ideolóxicas, mais tamén membros «non organizados» (é dicir, aqueles que non pertencían a unha asociación concreta)— e, así mesmo, diferentes graos de compromiso (pero excluindo os líderes). Ademais, os grupos eran heteroxéneos no referente ao sexo dos integrantes; en cambio, cada un dos seis (formado por unha media de oito participantes) si era homoxéneo con respecto ás xeracións políticas, formadas, respectivamente, por adolescentes (estudantes de ensino superior, de 17 a 20 anos de idade), a nova xeración (de vinte e tantos anos: entre 21 e 27), a «xeración perdida» dos noventa (socializada nun período que se caracterizou pola baixa intensidade das protestas; de 28 a 35 anos), a xeración do 77 (en Italia, anos particularmente radicais; de 36 a 43 anos de idade), a xeración do 68 (de 44 a 59 anos) e a xeración de posguerra (aínda activa; de 60 anos en diante). Malia que no (relativamente) limitado movemento ambiental non resultou posible incluír só persoas que non se coñecían, si tentamos mesturar, tanto como fose posible, membros de organizacións radicadas en diversos puntos e que, polo tanto, mantivesen escasa relación entre eles. Cada grupo reuniuse unha vez e todas as sesións (dunhas dúas horas de duración) se gravaron en casete. As citas tomadas dos grupos de interese refírense ao informe interno *I figli dei fori*, editado por Elena Del Giorgio; a cifra identifica o número do grupo de interese e a letra o participante.

antes mencionadas puxan por reabrir o debate académico arredor da natureza estrutural dos conflitos, nunha sociedade que xa non se pode definir simplemente como posmaterialista. Os conflitos recentes tamén deixan claro que, como observaron xa hai moito os estudosos da sociedade civil, a construción dunha esfera cidadá que sexa independente do Estado e da economía fai precisa a existencia de dereitos inclusivos para os cidadáns.

3. Os retos da política: a antipolítica ou a procura dunha nova (vella) concepción da política?

Ao recuperaren a cuestión dos dereitos sociais, estes conflitos subliñan tamén o importante papel que ha de desempeñar a política fronte ao mercado. Considérase que a política ten moito que dicir á hora de constituír as normas e as institucións da sociedade civil, así como de garantir que se dean as condicións de igualdade e liberdade en que pode prosperar esa sociedade civil. Se para Habermas o Estado do benestar comporta un risco de intervención do Estado administrativo no mundo-vida, tamén representa, con todo, unha defensa dese mundo-vida contra a penetración da economía capitalista. De modo similar, Jean Cohen e Andrew Arato (1992) reclamaron unha continuación reflexiva das políticas do benestar, necesaria para contrarrestar tanto o risco de colonización polo poder do Estado como a reeconomización da sociedade. Nos estudos dos movementos sociais, ao tempo que se destacan as diferenzas existentes entre eses dous tipos de actores, xúlgase que a apertura das institucións e a presenza de alianzas entre actores políticos institucionais son determinantes para a mobilización colectiva e o éxito desta. Noutros tempos, os antigos movementos e os novos tendían a se aliñar con familias de partidos ou a formar outras.

Desde a década de 1980 véñese notando —e, a miúdo, aprobando— unha división de facto das tarefas entre os partidos e os movementos. Así, mentres que os movementos sociais, as organizacións da sociedade civil e as ONG se «repregaron» cara á esfera social (ou pasaron a constituíla), os partidos políticos —sobre todo os de esquerdas— defenderon as súas demandas (algunhas delas) nas institucións políticas. Ao mesmo tempo apreciouse unha mudanza no repertorio de accións colectivas: as obras dedicadas aos movementos sociais destacaron que estes estaban a se afastar dos actos de protesta. As organizacións centradas neses movementos estruturáranse mellor a escala nacional ou mesmo transnacional, fixéranse cunha cantidade substancial de recursos materiais e con certo recoñecemento público, contaban con persoal contratado grazas ao impulso do seu enorme número de membros, e tendían a substituír a protesta por actos de presión ou accións polémicas. Tornáranse grupos de interese, malia que de interese público; integráranse no sector terciario, adquirindo profesionalidade e, con frecuencia, administrando recursos públicos; ou ben comercializaran as súas actividades e abriran (por veces con éxito) nichos de mercado. Paralelamente, as obras que tratan a sociedade civil destacaron cuestións semellantes ao se centraren nas organizacións máis ricas e mellor estruturadas, influentes mercé aos seus contactos institucionais e á lexitimidade de que gozan entre a opinión pública. Tense dito que sociedade civil mundial xurdiu do proceso de domesticación dos movementos sociais dos períodos anteriores a 1989, así como do declive das antigas asociacións cívicas (como os sindicatos) e da transformación dos primeiros en ONG (Kaldor 2003).

Para empezar cos repertorios de accións, a meirande parte dos grupos entrevistados para o proxecto DEMOS non se limitan a unha única estratexia, senón que combinan varias (só arredor do 8% deles declararon centrarse nunha soa, mentres que máis de tres cuartos empregaban polo menos tres), tamén en función da situación política á que se enfrontan⁴. Como amosa a táboa 2, case o 90% dos grupos valoran a realización de actividades relacionadas co coñecemento, como a difusión de información, a organización de conferencias, seminarios e obradoiros, a publicación de informes de investigación, etc.; aproximadamente tres

⁴ O cuestionario, semiestruturado e subministrado por teléfono a informantes clave que abranguían 210 organizacións dos movementos sociais, referíase ás características da organización (denominación, ano de fundación, toma interna de decisións, tipos de actividade, tipo de campañas, tipo de organización, tipo de membros, tipo de orzamento e fontes deste) e ás relacións mantidas co ámbito da organización (relación con outros grupos, redes e campañas, interacción con institucións de diversa escala territorial). A campaña de entrevistas realizouse entre xaneiro e agosto de 2006.

cuartos manifestan que realizan actividades de protesta e tamén participan na construción de alternativas concretas; arredor da metade recorren a unha estratexia de presión directa sobre os gobernantes. Xa que logo, en contraposición á crenza de que a presión e as protestas son estratexias opostas utilizadas por actores diferentes, nós achamos probas do emprego de ambas por parte dunha porcentaxe significativa dos nosos grupos.

Táboa 2: Estratexias principais dos grupos por país (%)

Estratexias principais do grupo	País (porcentaxe de respostas afirmativas)							Tot.
	F	A	I	ES	SU	RU	TN	
Protesta	78,6	73,1	81,1	97,1	75,0	75,9	59,3	78,1
Concepción de alternativas concretas	85,7	61,5	64,9	62,9	89,3	79,3	88,9	75,2
Presión	42,9	57,7	51,4	37,1	57,1	69,0	70,4	54,3
Educación política / concienciación	78,6	100,0	89,2	82,9	96,4	89,7	92,6	89,5
Total	13,3	12,4	17,6	16,7	13,3	13,8	12,9	100,0
(N)	(28)	(26)	(37)	(35)	(28)	(29)	(27)	(210)

N. B.: a porcentaxe global dunha columna pode ser superior ao 100% debido á posibilidade de que se ofrecesen respostas múltiples.

Fonte: Della Porta e Mosca (2006).

Resulta de especial interese que se insista na elaboración de alternativas concretas. Ao longo das entrevistas, as alternativas concíbense como elementos específicos e postos en práctica: para «construír outros mundos posibles» fai falta «crear contradicións obvias mediante prácticas alternativas» (Rete Lilliput). Porén, «alternativa» tamén se entende como algo rotundamente diferente, posto que o movemento pretende «des-velar / facer visible / denunciar as diferentes formas que emprega o sistema capitalista para se lexitimar, e activar propostas ou alternativas a este sistema» (Baladre); comporta «unha mudanza radical na sociedade e nos estilos de vida» (Tavola della Pace, Italia) e «ofrece unha alternativa ao modelo capitalista» (Les Communistes, Suíza).

Os conflitos emerxentes non só dan fe dunha volta da política ás rúas, senón que tamén poñen en dúbida a idea dunha retirada política; o que se propón, no entanto, é unha visión alternativa dela. Malia que as interaccións que se producen entre a política institucional e a política de base —entre a *política habitual* e a *política controvertida*— seguen a ter importancia, a imaxe dunha especie de repartimento de tarefas entre os partidos (especialmente os de esquerdas) e os movementos estase a tornar cada vez máis problemática e, sobre todo, é cada vez máis cuestionada polos actores da sociedade civil que teñen unha visión diferente da política (non unha antipolítica, senón unha outra política) e que afirman a súa natureza e a súa función neste eido. A concepción da política que se deriva dos conflitos mencionados é crítica coa política institucional que xurdiu na nosa sociedade, a cal non deixa de se profesionalizar. Aínda que estes conflitos insisten na necesidade de que a economía se governe desde o ámbito político, reflicten unha crecente tensión entre unha perspectiva representativa da política e outra baseada na participación, separación que tivo a súa expresión simbólica no lema inaugural do desfile internacional realizado en Xénova: «Vosoutros, o G-8; nosoutros, 6000 millóns». De acordo coa primeira perspectiva, nunha democracia representativa moderna a política convértese nunha actividade para profesionais (os líderes do G-8 e demais políticos de profesión) que

adoptan decisións lexitimadas pola súa investidura electoral. A segunda perspectiva non só articula unha reclamación política, senón que ademais presenta a proposta dunha «política diferente»; é dicir, dunha política da participación levada á práctica en áreas abertas aos cidadáns, entendidos como suxeitos e actores da política.

Entre os activistas, a reclamación política constitúe, antes de máis, unha reclamación de participación; en efecto, unha das principais críticas que se lles fan aos partidos consiste en que agora xa se tornaron burocracias fundamentadas na delegación. Nos grupos de interese antes mencionados, os partidos resultan estigmatizados por seren portadores dunha idea errónea: a da política en canto algo feito por profesionais, cuxo interese radica, como moito, en explotar os movementos que se produzan, ao tempo que se nega a natureza política destes. No entanto, esas críticas diríxense, en particular, ás afirmacións dalgúns políticos de partido referidas a un «movemento prepolítico que pide que o escoiten e que, a seguir, o transformen nun proxecto e un programa político aqueles que se dedican á política no sentido institucional da palabra» (6E, p. 143). En troques, a «política alternativa» experimentábase como a participación dos cidadáns (mesmo «dos individuos») na elaboración de «reivindicacións» e «respostas»: «[A] cousa xa non é como antes, cando estaban, por unha banda, o movemento, coa súa espontaneidade e a facer preguntas, e, pola outra, os políticos, a daren respostas ou a o intentaren (...). [N]este caso as respostas veñen acompañadas das preguntas, e as preguntas veñen acompañadas das respostas» (2A, pp. 42-43).

Xunto coa reclamación de participación, que certamente non é unha novidade, as organizacións e os activistas de que nos ocupamos subliñaron tamén a súa concepción deliberativa da política, orientada non só ao relato de preferencias, senón ademais á construción de novas identidades mediante a congregación de diferentes actores nas esferas públicas e os espazos de libre uso. Como declaraba un activista, «para min, facer política neste sentido, directamente, facer sociedade, *facere a polis*, é o aspecto máis estimulante» (5E, p. 123).

Esta visión dunha «nova política» está moi espallada entre os grupos que analizamos no proxecto DEMOS. Da análise da súa documentación básica dedúcese que a participación é unha das dimensións principais do xeito en que os movementos sociais entenden a democracia: un terzo das organizacións menciónana como valor interno. Porén, tamén aparecen outros valores que especifican (e diferencian) as diversas concepcións da democracia da participación. Ao estudar os valores democráticos xerais, é de destacar que en nada menos que a metade da nosa mostraxe se identifican referencias á pluralidade, á diferenza e á homoxeneidade como importantes factores democráticos, cuxo valor está moi próximo ao da referencia que se fai á participación nun sentido máis tradicional. De maneira significativa, os valores representativos menciónanos só o 6% das nosas organizacións. Na mesma dirección, os activistas destas (de acordo coa enquisa que lles realizamos a 1055 representantes de organizacións da sociedade civil que participaron no cuarto Foro Social Europeo, realizado en Atenas) promoven unha imaxe normativa da democracia que fai fincapé na participación, por riba da delegación (o 75% deles), mais tamén na busca de consensos mediante o debate (ou as conversas), fronte a unha concepción da democracia entendida como un mero «relato de preferencias» (para arredor da metade deles) (Della Porta, de próxima aparición; véxase tamén Della Porta 2007).

Esta concepción da «política feita desde abaixo» non implica, porén, unha renuncia ás relacións coa política institucional; pola contra, os resultados do estudo confirman que moitas organizacións a prol dos movementos sociais están abertas ás interaccións con institucións de goberno de múltiples niveis. Tal actitude, que contrasta coa interpretación que se fai destas organizacións en canto meras entidades de protesta nas rúas, ou coa percepción da natureza «antipolítica» da sociedade civil, a miúdo declárase expresamente nos escritos fundamentais das organizacións. Volvendo á análise documental do proxecto DEMOS, malia que arredor da metade dos nosos grupos non mencionaron as relacións coas institucións, cando si o fixeron mostráronse moi abertos a interactuaren con elas. Con respecto ás institucións representativas en xeral, son raras as declaracións de rexeitamento rotundo de toda colaboración (11,5%), mentres que é máis frecuente unha actitude de colaboración ou ben de control democrático (aproximadamente un terzo cada unha) (Della Porta e Mosca 2006). Os resultados das entrevistas realizadas

para o mesmo proxecto son moi compatibles cos obtidos no referente á ideoloxía das organizacións. En resposta á pregunta de «como se relaciona o teu grupo con institucións públicas de diversas escalas territoriais», na nosa mostra de 210 organizacións segue a ser moi infrecuente o rexeitamento de toda colaboración: dun 4,4% no referido ás institucións locais, cifra moi baixa, a un 11,8% para a escala nacional e un 13,5% para a internacional. Os grupos que —ben por lles seren indiferentes as relacións coas institucións, ben porque as institucións as rexeitan— declararon unha ausencia de colaboración son máis numerosos, mais aínda reducidos en número: entre un quinto que colaboraban coa escala local e nacional, e un terzo coa supranacional. O resto das organizacións da mostraxe tenden a colaborar sobre todo coas institucións locais (nada menos que o 70%) e coas nacionais (67%), mais tamén con organismos gubernamentais internacionais (case a metade da nosa mostra). Neste punto paga a pena advertir que moitos grupos declaran colaborar simultaneamente con diversos niveis territoriais, o que dá fe da súa adaptación a múltiples niveis de goberno. Porén, tamén neste respecto, os nosos entrevistados adoitan definir a súa colaboración como crítica ou selectiva: manteñen unha actitude menos crítica cos gobernos locais e, en troques, aumenta a súa desaprobación das escalas nacionais e supranacionais.

Táboa 3: Relación coas institucións segundo os entrevistados (en porcentaxe; número de enquisados: 200-203)

	<i>Institucións</i>	<i>Institucións</i>	<i>Institucións</i>
	<i>locais</i>	<i>nacionais</i>	<i>internacionais</i>
Rexeitamento da colaboración	4,4	11,8	13,5
Indiferenza / ausencia de contactos / negativa das autoridades a colaborar	22,8	21,2	32,5
Colaboración crítica/selectiva	29,7	34,5	24,5
Colaboración	39,1	32,5	20,5

Fonte: Della Porta e Mosca (2006).

Estes mesmos resultados poñen en dúbida a concepción dos movementos e dos dereitos cidadáns como entidades limitadas ao interior das fronteiras nacionais. Sen significaren a morte do Estado-nación nin a fin da democracia representativa, as transformacións experimentadas tanto polos límites dos sistemas de goberno como polos principais actores políticos afectan ao funcionamento tradicional do Estado democrático. Porén, insistir exclusivamente na importancia das oportunidades que se presentan no ámbito nacional non axuda a entender uns actores que non só abordan os problemas a escala mundial, senón que tamén se organizan cada vez máis en redes transfronteirizas. Así, un número superior á metade dos entrevistados declarou que a súa organización colabora con organismos gubernamentais internacionais, pero ademais tres cuartos deles afirmaron que tomaran parte en actos de protesta transnacionais; a mesma porcentaxe, que se identificaban cun movemento global; e nada menos que o 80% mencionaban nos seus documentos fundacionais, como unha das principais estratexias da organización, a colaboración ou a conexión con

organizacións transnacionais a prol dos movementos sociais. Estes datos dan fe dunha dimensión transnacional (ou mundial) cada vez maior, que as reflexións sobre a sociedade civil comezaron a abordar antes que os estudos dos movementos sociais, tradicionalmente máis arraigados na perspectiva nacional.

En conclusión, os conflitos emerxentes denotan un retorno á política na rúa, mais tamén subliñan unha concepción da política alternativa á expresada na democracia representativa, que vai topando cun número de dificultades cada vez maior ante fenómenos tan expandidos como o declive das lealdades aos partidos, a redución do Estado e a aparición de diversas formas de globalización. Na análise da sociedade civil, a «volta á política» vivida na década do 2000 puxa cara a unha redefinición dese espazo (que nunca ficou claro de todo; Kumar 1993) que existe entre o público e o privado, o social e o político. Mentres que a abundante reflexión sobre a sociedade civil dera por feita a diminución do Estado, os conflitos emerxentes apuntan a un aumento das reivindicacións a prol dun retorno da política, tanto nas nosas sociedades como no noso teorizar sobre elas. As voces que reclaman independencia do Estado non se debilitaron, mais un sector cada vez maior das organizacións da sociedade civil percibe que esa demanda vai parella á avaliación da natureza, plenamente política, das súas propias actividades. Pola súa banda, os estudos dos movementos sociais teñen que tratar os desafíos aos que se enfronta a noción dun repartimento de tarefas entre a política controvertida e a non controvertida a raíz da aparición de organizacións internacionais gobernamentais e do declive (das funcións identificadoras) dos partidos políticos nacionais.

4. A sociedade civil como produto da protesta? Algunhas conclusións

Os estudos sobre a sociedade civil, así como os dedicados aos movementos sociais, poden axudarnos a entender o papel que desempeñan os conflitos como o aquí analizado na creación dun espazo cidadán, ao cal se referiu Giovanna Procacci no seu discurso presidencial pronunciado no 8º congreso da ESA. Un factor que se adoita subliñar nas obras que tratan os movementos sociais e a sociedade civil é a importancia que reviste manter unha rica vida asociativa para que se desenvolvan os movementos sociais e unha sociedade civil autónoma.

O substantivo papel que desempeñan as redes de organizacións á hora de dispoñer de recursos vese confirmado polas recentes mobilizacións. A descrición que elaborei apunta ao relevante que é volver mobilizar redes (ou movementos) xa existentes que contan cunha tradición histórica, a miúdo extensa, nas campañas de protesta da década dos 90 e de principios da de 2000. As mobilizacións que se veñen producindo desde o ano 2000 son o resultado dun proceso duradeiro de creación de vínculos e de intensificación da solidariedade entre diversas correntes de anteriores movementos progresistas no transcurso de campañas transnacionais. Desde esta perspectiva, a nosa historia confirma a importancia de dispoñer de recursos para a mobilización, como levan destacando desde os anos 70 os estudos dos movementos sociais e como confirmaron despois as reflexións sobre a sociedade civil.

Non obstante, os recentes conflitos tamén apuntan aos efectos que teñen as protestas en si na construción dos recursos de confianza e solidariedade que son necesarios para crear espazos de cidadanía. A reivindicación dos dereitos sociais e a esixencia da responsabilidade política necesaria para os poñer en práctica, mais tamén a demanda de que se conciban inmediatamente alternativas e organizacións a prol dos movementos sociais e da sociedade civil, non só esgotan o capital social, senón que tamén o producen. Mentres que os estudos dos movementos sociais se centran nas protestas como variable independente, analizando como se ven favorecidas polo capital social, e mentres que as obras dedicadas á sociedade civil destacan a función dos grupos «apolíticos» e «cooperativos» da sociedade civil, os novos conflitos apuntan ao papel que desempeñan as protestas en canto entidade emerxente que conduce a unha sociedade civil.

As investigacións sobre redes en movemento xa insistiran en que a superposición de membros facilita a integración dos diferentes eidos que abranguen os movementos: fai máis doado «o contacto persoal e a creación de redes informais que, pola súa vez, fomentan a participación individual e a mobilización de recursos» (Della Porta e Diani 2006: 128). De feito, a) «facilitan a circulación de información e, polo tanto, aumentan a velocidade do proceso de toma de decisións»; b) «facilitan o desenvolvemento de representacións compartidas do conflito»; c) contribúen ao «crecemento dunha confianza mutua» (ibíd., 128-

129; véxase tamén Diani 1995, e Carrol e Ratner 1996). Dun xeito semellante, na percepción subxectiva dos activistas defensores dos movementos sociais, as recentes campañas de protesta contribuíron á mobilización ao alimentaren o desenvolvemento de normas inclusivas, dunha identidade transnacional e de marcos transversais, e ao aumentaren a confianza recíproca.

A creación de redes «de acción» percíbese, primeiramente, como un elemento de grande importancia para aumentar a influencia de cada unha das organizacións e dos individuos. A coordinación comeza no terreo pragmático, o de facilitar a mobilización, e a seguir contribúe á elaboración de normas inclusivas. A lóxica da rede en canto instrumento de coordinación da actividade permite a participación de diversos actores políticos; de feito, a miúdo a rede mantense principalmente grazas á importancia que se lle concede á mobilización en prol duns obxectivos concretos. Mais, para alén deste fin instrumental, as campañas de protesta constitúen espazos onde pode xurdir un entendemento mutuo (Della Porta e Mosca 2007; Della Porta 2008). Cando as accións emprendidas en redes transnacionais levan a recoñecer as semellanzas existentes entre países, faise posible a construción dunha identidade transnacional. Así, durante un proceso de cambio de escala (Tarrow 2005; Tarrow e McAdam 2005), no decorrer dunha campaña transnacional os activistas empezaron a se identificar como parte dunha entidade europea ou mesmo mundial. Ademais, os activistas tamén vulgan que este entendemento mutuo é un antídoto contra as reivindicacións centradas nunha soa temática: abofé, a superposición de membros e a participación en coalicións de organizacións considéranse condicións previas para poder difundir ideas innovadoras (sobre os movementos feministas e pacifistas, véxase Meyer e Whittier 1994).

Participar en campañas de protesta tamén contribúe ao coñecemento mutuo e, polo tanto, á confianza «na acción». Desde esta perspectiva, os activistas entrevistados no transcurso dun estudo sobre os foros sociais de Italia⁵ subliñan que aumentou o diálogo entre líderes (ou voceiros) de diversas organizacións como consecuencia de se chegar a un mellor entendemento mutuo durante a realización de campañas conxuntas: «[L]ogo de varios anos de emprender accións todos xuntos, un atópase con outros no mesmo movemento, conversa, comeza a entendedelos, atopa códigos de comunicación, métodos para resolver os problemas (...). [N]as diferentes mobilizacións un coñece diversos actores organizados ou non organizados cos que antes non tiña nada que ver (...). [A]í un empeza a participar nun diálogo e a descubrir que se poden facer cousas xuntos» (entrev. 2, pp. 14-15). Así mesmo, no que respecta aos membros de base, as campañas comúns eles percíbenas como un factor que permite o crecemento dunha familiaridade mutua que contribúe á construción de obxectivos comúns, xa que o coñecemento fai posible que se superen os prexuízos. Como apunta un entrevistado, «[T]amén chegamos a nos coñecer entre nós e a moderar determinadas actitudes, e existe confianza e respecto ante todo tipo de representación incluído no comité» (entrev. 11, p. 6).

Estas historias de campañas de protesta constitúen un acicate para a procura dun equilibrio entre a venerable tradición sociolóxica, que recoñece o papel fundamental que desempeñan os conflitos á hora de fomentar a solidariedade, e sen dúbida conceptos como a reciprocidade, a urbanidade, o diálogo, o respecto, que exerceron unha influencia capital nas reflexións sobre a sociedade civil. Lonxe de tornaren inútiles as vellas categorías sociolóxicas, estes retos son para nós un estímulo que nos empuxa a considerar os movementos sociais e outros que están a nacer en canto actores capaces de producir recursos na acción. De feito, podemos chegar a entender mellor as nosas sociedades grazas á fertilización recíproca que chegue a existir entre diversos ámbitos de investigación; en particular, teño argumentado que os estudos dos movementos sociais fixeron a súa achega ao se centraren nos conflitos e ao analizaren a función política dos actores sociais, mentres que a reflexión sobre a sociedade civil dirixiu a súa atención cara ao equilibrio

⁵ Leváronse a cabo entrevistas pormenorizadas a representantes de 20 organizacións que se amosaban activas nas cuestións da problemática laboral e do desenvolvemento e a solidariedade internacionais. As entrevistas foron realizadas por Lorenzo Mosca entre maio e novembro de 2004, empregando un cuestionario estruturado e centrado na historia das asociacións, a súa estrutura organizativa e a súa metodoloxía de toma de decisións, as modalidades de acción e os eidos en que se enmarcaban con referencia aos procesos de globalización e ao movemento antiliberal de Italia. Para obter máis información, véxase Della Porta e Mosca (2006).

existente entre a emancipación do Estado e a do mercado, así como cara ao papel que desempeñan as normas de confianza e de reciprocidade. A fertilización recíproca pode ser máis frutífera posto que, en ambos os eidos, a recente vaga de protestas levou a que os movementos sociais e as organizacións da sociedade civil recibisen unha maior atención por parte de estudosos (a miúdo novos) das disciplinas das ciencias sociais, para alén da socioloxía e das ciencias políticas, en eidos tan variados como a antropoloxía e as relacións internacionais, e da teoría social á historia.

Referencias bibliográficas

- ALEXANDER, Jeffrey C. (1998): "Introduction. Civil Society I, II, III: Constructing an empirical concept from normative controversies and historical transformations", in Jeffrey C. Alexander: *Real Civil Society. Dilemma of institutionalization*. London: Sage, pp. 1-20.
- CARROLL, William K.; RATNER, R. S. (1996): "Master Framing and Cross-Movement Networking in Contemporary Social Movements", *Sociological Quarterly*, 37, pp. 601-625.
- CHANDOKÉ, Neera (2003): *The Concepts of the Civil Society*. New Delhi: Oxford University Press.
- COHEN, J. (1989): *Deliberation and Democratic Legitimacy*, in A. Hamlin and P. Pettit (eds.): *The Good Polity*. Oxford: Blackwell, pp.17-34.
- COHEN, Jean L.; ARATO, Andrew (1992): *Civil society and political theory*. Cambridge: MIT Press.
- CROUCH, Colin (2004): *Post Democracy*. London: Polity.
- DELLA PORTA, Donatella (ed.) (2007): *The Global Justice Movement. Cross National and Transnational Perspective*. Boulder, CO: Paradigm.
- DELLA PORTA, Donatella (ed.), forthcoming: *Democracy in Movements*. Palgrave Macmillan.
- DELLA PORTA, Donatella; REITER, Herbert (2006): *Organizational Ideology and Vision of Democracy in the Global Justice Movement*, WP3 Report, Democracy in Movement and the Mobilization of Society—DEMOS, European Commission.
- DELLA PORTA, Donatella; MOSCA, Lorenzo (2005): *Searching the Net*, WP2 Report, Democracy in Movement and the Mobilization of Society—DEMOS, European Commission.
- (2007): "In movimento: 'contamination' in action and the Italian Global Justice Movement", *Global Networks: A journal of transnational affairs*, 7, n.º 1, 2007, pp. 1-28.
- DELLA PORTA, Donatella (2008): *Eventful Protest*, *Global Conflicts*, prepared for presentation at the plenary session of the Conference of the Nordic Sociological Association, Aarhus, August 2008.
- DELLA PORTA, Donatella; DIANI, Mario (2006): *Social Movements. An Introduction*. Oxford: Blackwell.
- DELLA PORTA, Donatella; ANDRETTA, Massimiliano; MOSCA, Lorenzo; REITER, Herbert (2006): *Globalization from Below*. Minneapolis: The University of Minnesota Press.
- DIANI, Mario (1995): *Green Networks. A Structural Analysis of the Italian Environmental Movement*. Edinburgh: Edinburgh University Press.
- DRYZEK, John S. (2000): *Deliberative Democracy and Beyond*. New York: Oxford University Press.
- KALDOR, Mary (2003): *Global Civil Society. An Answer to War*. Cambridge: Polity Press.
- KEANE, John (2003): *Global Civil Society?* Cambridge: Cambridge University Press.
- KITSCHOLT, Herbert (2003): *Landscape of Political Interest Intermediation: Social Movements, Interest Groups and Parties in the Early Twenty-First Century*, in Pedro Ibarra (ed.): *Social Movements and Democracy*. New York: Palgrave Macmillan, pp. 105-136.
- KUMAR, Krishan (1993): "Civil Society: An Inquiry into the Usefulness of an Historical Term", *The British Journal of Sociology*, vol. 44, n.º 3, pp. 375-395.
- LIPSKY, Michael (1965): *Protest and City Politics*. Chicago: Rand McNally & Co.
- MANSBRIDGE, Jane (1996): "Using Power/Fighting Power: The Polity", in Seyla Benhabib (ed.): *Democracy and Difference: Contesting the Boundaries of the Political*. Princeton: Princeton University Press, pp. 46-66.
- MATHERS, Andy (2007), *Struggling for Another Europe*. Aldershot: Ashgate.

- MEYER, David S; WHITTIER, Nancy (1994): "Social Movements Spillover", *Social Problems*, 41, pp. 277-298.
- MITZAL, Barbara (2001): *Civil Society: A signifier of plurality and sense of wholeness*, in Judith R. Blau (ed.): *The Blackwell Companion of Sociology*. Oxford: Blackwell, pp. 73-85.
- OBERSCHALL, Anthony (1973): *Social Conflict and Social Movements*. Englewood Cliffs, NJ: Prentice Hall.
- OFFE, Claus (1997): *Microaspects of Democratic Theory: What Makes for the Deliberative Competence of Citizens?*, in A. Hadenius (ed.): *Democracy's Victory and Crisis*. New York: Cambridge University Press, pp. 81-104.
- ROKKAN, Stein (1982): *Cittadini, Elezioni, Partiti*. Bologna: Il Mulino. (Original edition: *Citizens, Elections, and Parties*. Oslo: Oslo University Press, 1970).
- RUCHT, Dieter (2005): "Un movimento di movimenti? Unità e diversità fra le organizzazioni per una giustizia globale", *Rassegna italiana di sociologia*, 46, pp. 275-306.
- SAVAGE, Mike (2001): *Political Sociology*, in Judith R. Blau (ed.), *The Blackwell Companion of Sociology*. Oxford: Blackwell.
- TARROW, Sidney; McADAM, Doug (2005): "Scale Shift in Transnational Contention", in D. della Porta and S. Tarrow (eds.): *Transnational Protest and Global Activism*. Lanham: Rowman and Littlefield, pp. 121-149.
- TARROW, Sidney (2005): *The New Transnational Contention*. New York/Cambridge: Cambridge University Press.
- TILLY, Charles (1978): *From Mobilization to Revolution*. Reading, MA: Addison-Wesley.
- TOURAINÉ, Alain (1977): *The Self-Production of Society*. Chicago: University of Chicago Press.

SOCIAL MOVEMENTS AND CIVIL SOCIETY. HOW EMERGING SOCIAL CONFLICTS CHALLENGE SOCIAL SCIENCE APPROACHES

Donatella della Porta

European University Institute

1. Conflict, citizenship, social movements and civil society: An introduction

On July 2, 2005, more than 200,000 people marched in Edinburgh, a few days before the G8 summit at nearby Gleneagles, in what was greeted as the largest demonstration in the Scottish capital. The march was part of the “Make Poverty History” campaign—defined by Archbishop O’Connor as “the greatest moral upheaval since the campaign against the slave trade.” During the following week, as the G8 leaders assembled, others, numerous and varied protests were staged in various locations in southern Scotland, mainly organized by activists affiliated to the recently formed Dissent! Network. Police-men and –women from various British corps, often in full riot gear, confronted protesters in what was defined as the biggest policing operation in the Scottish history.

Make Poverty History and related protests have been considered as part of a movement for global justice that had gained worldwide visibility in Seattle in November 1999, during the campaign against the World Trade Organization (WTO) summit. In subsequent years, hundreds of thousands marched against the International Monetary Fund (IMF) and World Bank meetings in Washington and Prague in 2000, the G8 in Genoa in 2001, the European Union (EU) summits in Amsterdam in 1997, Nice in 2000, Gothenburg in 2001, Barcellona, Sevilla and Copenhagen in 2002. They protested against the World Economic Forum in yearly demonstrations in Davos, and the Iraq war in hundreds of cities on the Global Day of Action on February 15, 2003. Linked to this wave of protest, thousands of associations of various types and ten thousands of activists met in transnational social forums. Suffice to remember that the first World Social Forum (WSF), held in Porto Alegre in January 2001, was attended by about 20,000 participants from over 100 countries, among them delegates of 4700 NGOs and social movement organisations, and that these numbers grew to 155,000 individual participant and 6,588 organizations in its fifth edition in 2005 (Rucht 2005). The first European Social Forum (ESF), that took place in Florence on November 6-9, 2002 saw sixty thousand participants – more than three times the expected number – attending the 30 plenary conferences, 160 seminars, and 180 workshops and about one million participated in the march that closed the forum.

When this wave of protest became visible at the turn of the millenium, social scientists still focused on explaining the “NGO-ization” of social movements, the taming of the civil society, and the demise of unions and left-wing politics in general. Only gradually did intense transnational mobilization in counter-summits, Global Days of Action, and transnational Social Forums start to build awareness of and interest in the emergence of a new cycle of protest.

That cycles of protest emerge unexpectedly is certainly not new. On the eve of 1968, social scientists and politicians alike lamented (or praised) the “end of ideologies,” the institutionalization of the labor movement, consumption society, and, above all, the decline of interest in politics.

There might be various reasons for this impression of unexpected changes. Surely, the emergence of a new cycle of protest testifies indeed of a rupture in the prevailing forms of collective action and

organizational strategy as well as collective identities. In this sense, the perception of a sudden break reflects the challenges that cycles of protest pose to existing approaches to collective action. The social and political transformations during what an activist defined as the “terrible 1990s” have in fact produced significant (even though little perceived) changes in actors defined variously as social movements, NGOs, or the civil society.

Although often unexpected, the emergence of a protest cycle is however not as sudden as it might appear. Protest requires existing organizational structures able to mobilize resources, as well as less visible processes of networking and construction of justifications for collective action. The emerging social movements are very much influenced by the characteristics of the organizations that “host” them in their infancy, and their evolution is the product of a mix of traditions and challenges to those traditions. The protests I have just mentioned stemmed from a number of campaigns that networked existing organizations against the North American Free Trade Agreements (NAFTA) and the Multilateral Agreement on Investment as well as the Jubilee 2000 campaign for the cancellation of poor countries’ foreign debt. Within a multilevel strategy, the European Marches against Unemployment and Exclusion, defined as very early example of the formation of a flexible network addressing social issues at European level (Mathers 2007, 51), became visible on June 16 and 17 1997, when 5,000 people arrived in Amsterdam from all over Europe targeting the EU summit. Initially launched by organizations of unemployed and critical unions, EU counter-summits became more and more multi-issues and also succeeded in sensitizing, among others, the institutionalized trade union confederations, as well as religious communities, transnational and local NGOs, ecologists, feminists, pacifists. Since, however, these campaigns did not comply with the widespread image of more and more “civilized” social actors, they were, in the beginning, little studied.

The perception of a sudden rupture in collective action is also, at least in part, an outcome of the natural conformism in the social sciences, where the confirmation of general trends (such as the bureaucratization of the labor unions, the taming of the civil society or the institutionalization of social movement organizations) is often facilitated by the choice of some objects of study (such as the union leadership or the more visible and better structured NGOs) and the exclusion of others. Conversely, the singling out of countertrends seems to be discouraged by their lack of visibility or relevance within the dominant paradigm/s. At the same time, in a sort of self-fulfilling prophecy, the methodological choice tend to conform to the widespread images—e.g., assuming the relevance of entrepreneurial resources, surveys of organizations tend to focus on the better structured groups; and face to the “normalization” of protest, with a declining media attention to unconventional forms of political participation, protest event analyses confirm a decline of politics in the street.

Yet, I would not suggest that the social sciences are deprived of concepts and knowledge that help addressing, framing and understanding these conflicts. To the contrary, various streams of literature offer rich potential for the interpretation of the actors that mobilized from Seattle to Edinburgh. The Make Poverty History campaign, for instance, brought together hundreds of charities, trade unions, faith groups, student unions, grass-root groups—that is, organizations that had been addressed in political sociology within the large field of social movement studies (defined as opposed to party and interest groups); in international relations, with a growing focus on NGOs (as opposed to nation-states); in social theory, within the “revival” of the civil society (as opposed to the state and the market). The same is true of the other countersummits, global days of action and transnational social forums, joined by representatives of thousands of associations and ten-thousands of activists. Students of SMOs, NGOs, and the Civil Society have also been fast in extending their focus on the new supranational dimension of these mobilizations, through concepts such as *Transnational SMOs*, *International NGOs*, and *Global Civil Society*. Although often talking pass each other, these fields of study have much to offer to our understanding of these emerging conflicts in our society.

Social movement studies have since long stressed *conflict* as the dynamic element for our societies. The “European tradition” in social movement studies has looked at new social movements as potential carriers of a new central conflict in our post-industrial societies, or at least of an emerging constellation of conflicts. In the “American tradition”, the resource mobilization approach reacted to a, then dominant, conception of

conflicts as pathologies. In his influential book “Social Conflicts and Social Movements”, Anthony Oberschall (1973) defined social movements as the main carriers of societal conflicts. In “Democracy and Disorder”, Sidney Tarrow forcefully pointed to the relevant and positive role of unconventional forms of political participation in the democratic processes. From Michael Lipsky (1965) to Charles Tilly (1978), the first systematic works on social movements developed from traditions of research that stressed conflicts of power, both in the society and in politics. In fact, a widely accepted definition of social movements introduced conflicts as a central element for their conceptualization: “Social movement actors are engaged in political and/or cultural conflicts, meant to promote or oppose social change. By conflict we mean an oppositional relationship between actors who seek control of the same stake – be it political, economic, or cultural power – and in the process make negative claims on each other – i.e., demands which, if realized, would damage the interests of the other actors” (della Porta and Diani 2006, 21). Social movement studies can therefore contribute to counterbalance the current tendency to perceive conflicts as pathology.

If the presence of conflicts is certainly not denied, nevertheless, especially since the 1990s, the conception of politics as an arena for the expression of conflicts has been challenged (or at least balanced) by an emerging attention to the development of communicative arenas as spaces for consensus building. In normative theory, but also in the empirical research, attention to autonomous spaces of communication developed especially within the study of civil society. Dubbed as the “most favoured export from sociological theory into politics” (Mitzal 2001), but also as “flattened out and emptied of content” (Chandoke 2003), the concept of a civil society has been used as a synonym of associational life and emancipation from state power. Particularly inspired by new social movements and the movement for democracy in Eastern Europe (Mitzal 2001), in social theory, the “revival” of civil society, developed especially in the 1990s with the search for a space that was autonomous from both the state and the market. In fact, “in the aftermath of the revolution of 1989, the term ‘civil society’ was taken up in widely different circles and circumstances”, expressing a “concern about personal autonomy, self organization, private space became salient not only in Eastern Europe” (Kaldor 2003, 2, 4). Civil society is “a solidarity sphere in which a certain kind of universalizing community comes gradually to be defined and to some degrees enforced” (Alexander 1998, 7). In this vision, civility implies respect for others, politeness and the acceptance of strangers (Keane 2003). In many reflections on contemporary societies, an autonomous civil society is referred to as being capable of addressing the tensions between particularism and universalism, plurality and connectedness, diversity and solidarity. It is, in this sense, called to be “a solidarity sphere in which certain kind of universalizing community comes gradually to be defined and to some degrees enforced” (Alexander 1998, 7). Also some of the proponents of the normative deliberative vision of democracy have seen social movements and similar associations as central arenas for the development of these autonomous public spheres (Mansbridge 1996; Cohen 1989; Dryzek 2000; Offe 1997). The normative emphasis on the positive effects of spaces autonomous from the state and the market is also central for the analysis of contemporary conflicts.

Both elements—conflict and autonomy—are relevant for understanding the characteristics of the mobilizations I have mentioned. This notwithstanding, some characteristics of the new emerging conflicts pose some challenges to the mentioned approaches, at the same time as they stimulate more cross-fertilization between these different streams of social science literature. A closer and more open look at the emerging conflicts could help overcoming the risk of self-referentiality and parochialism that could come from their very success (with a growing number of journals, chairs and the like devoted to those core concepts), but also from the consolidation of internal cleavages between disciplinary, methodological and national approaches.

In what follows, drawing on some results from my empirical research on the mentioned type of conflicts,⁶ I shall stress how their very nature has shaken some dominant images and interpretation of

⁶ Among others, I shall refer to some results published in the reports of the Work Packages 3 and 4 of the Demos project (Democracy in Europe and the Mobilization of Society; <http://demos.iue.it>); see della Porta and Mosca 2006. The project is financed by the EUROPEAN COMMISSION, 6th FP PRIORITY 7, Citizens and Governance in a Knowledge Based Society, and (for the Swiss case) the Federal Office for Education and Science, Switzerland. The

movements, NGOs and civil society actors. I would in particular observe a new centrality of social issues, although bridged with other main topic (part 2), and a redefinition of politics and its boundaries (part 3), within an appreciation of the role of conflicts in the creation of citizenships (part 4).

2. Conflicts and Social Cleavages: Class Politics or Civic-minded Subjectivities?

A most positive contribution of social movement studies has been, as mentioned, the rehabilitation of the role of conflicts in the development of a society. Social and political conflicts has been linked to social structural conditions (from Marxists structures of production to Touraine's *historicité*) and/or the opening of channels of access to public decision making. In both cases, the nation-state has been the main level of analysis for research that has stressed that has addressed either the old labour conflict or new ones.

When social movement studies emerged as a relevant field in sociology, during the cycle of protest of the late 1960s and early 1970s, European scholars focused especially on new social movements, building on the assumption of the institutionalization of the working class and the emergence of new post-industrial conflicts (e.g., Touraine 1977). Especially in the 1970s, environmental, women's, and even peace and ethno-regionalist movements were considered as midwives of a new type of society that succeeded the industrial, materialistic, Fordist, and/or modern one. The core value of individual freedom together with (sometimes before) justice was also dear to some civil society theorists.

More modestly, since the 1980s, those very movements were considered as more and more institutionalized actors, rich in material resources and channels of access to decision makers, and more and more focused on single issues. Single-issues-ness came to be seen, indeed, as a characteristic of social movements vis-à-vis parties and unions (Kitschelt 2004). In parallel, NGOs literature has stressed the specialization of those actors on particular topic, addressed within specific international regimes. The global civil society has been defined as formed by organizations that are professionalized, institutionalized, and focused around particular causes (Kaldor 2003).

This image of post-materialistic and single-issue actors was however shaken in the 1990s, and broke down after the year 2000. Since the last decade, reactions to what activists refer to as "hegemonic neoliberalism" have brought about a resurgence of social issues, although blended with "new social movement" issues. Moreover, cross-national protest events have multiplied in the last two decades, pointing at a "scale shift" toward a more cross-issue perspective. The coming together of various concerns as well as relevance of the reference to social justice are both central results of an analysis of fundamental documents of 244 social movement organizations that participated in the Social Forum process in six European countries (Italy, France, Germany, Great Britain, Spain and Switzerland) and at transnational level.⁷ The data (see table 1) on the basic themes and values mentioned in organisational documents confirms frequent reference to issues which have been central focus for several social movements in the past. Ecological values emerge as

project is coordinated by Donatella della Porta (European University Institute). Partners are University of Kent at Canterbury, UK, Christopher C. Rootes; Wissenschaftszentrum Berlin fuer Sozialforschung, Germany, Dieter Rucht; Università di Urbino, Italy, Mario Pianta; Centre de recherches politiques de la Sorbonne (CRPS), Université Panthéon-Sorbonne, France, Isabelle Sommier; Instituto de Estudios Sociales de Andalucía, Centro Superior de Investigaciones Científicas (IESA-CSIC), Spain, Manuel Jiménez; and Laboratoire de recherches sociales et politiques appliquées (resop), Université de Genève, Switzerland, Marco Giugni. Research collaborators were: Massimiliano Andretta, Angel Calle, Helene Combes, Nina Eggert, Raffaele Marchetti, Lorenzo Mosca, Herbert Reiter, Clare Saunders, Simon Teune, Mundo Yang, and Duccio Zola.

